Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena Dona

A Pena Dona está na parroquia de Paradela, concello d'A Estrada (Pontevedra). É o punto máis alto da parroquia, un mirador privilexiado da contorna, coas penedas chamadas dos Desamparados e a Peneda da igrexa; e no cumio sitúase o castro de Barbudo.

O día 20 de agosto, coincidindo coa festa dos Desamparados, ían a estas penas os veciños, sobre todo os nenos, para lavar os pés para curar e arredrar enfermidades.

BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, A Estrada rural, Excma. Deputación Provincial de Pontevedra 1990